

POSTA EN MARCHA DO DESEÑO E REGULAMENTO DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS E DA CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAIS

A *Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia*, promove a creación do **marco galego de competencias dixitais**, para dar resposta a necesidade de acadar unha cidadanía dixitalmente responsable nun contexto na que a relación coa administración, a vida cotiá e o emprego requiren continuado do uso de tecnoloxías da sociedade da información.

A Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en adiante Amtega) ten entre os seus obxectivos básicos a definición, o desenvolvemento e a execución dos instrumentos da política da Xunta de Galicia relativa a tecnoloxías da información e comunicacións, así como innovación e desenvolvemento tecnolóxico. Entre as súas funcións inclúese o deseño e coordinación dos plans formativos en materia de tecnoloxías da información e de boas prácticas no uso dos sistemas de información, así como a xestión dos programas de capacitación dixital do empregado público, en coordinación cos órganos competentes en materia de formación. Igualmente inclúense nas súas funcións a planificación e coordinar, coa colaboración dos departamentos e institucións con competencias en programas de formación, programas destinados a elevar o coñecemento da cidadanía no uso das novas tecnoloxías.

En base ao anterior, abórdase o deseño detallado do marco galego de competencias dixitais, aliñado coas estratexias da Comisión Europea, e iniciase a tramitación do decreto de regulamento da certificación galega de competencias dixitais, que inclúe a creación do rexistro galego de certificacións en competencias dixitais. Os seguintes apartados fan unha exposición máis detallada deste contexto.

A) ANTECEDENTES:

A recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de Europa, de 18 de decembro de 2006, sobre as competencias chave para o aprendizaxe permanente (2006/962/CE), identifica a competencia dixital como unha das **oito competencias chave** que as persoas precisan para a súa realización e desenvolvemento persoais, así como para a cidadanía activa, inclusión social e emprego.

Enténdese por **competencia dixital** a combinación de coñecementos, habilidades e actitudes, para o uso seguro e responsable das tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo, o lecer e a comunicación. Susténtase nas competencias básicas en materia de TIC: uso do ordenadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, e comunicarse e participar nas rede colaboración a través de internet. As competencias dixitais van máis aló de ser hábil ou operativo no uso dos aparellos e dispositivos, senón que **implica o uso da tecnoloxía dixital dun xeito seguro, crítico, creativo e colaborador, en todos os eidos da vida.**

En Agosto de 2013 publícase **“DIGCOMP: A Framework for Developing and Understanding Digital Competence in Europe”**, froito dos traballos que sobre aprendizaxe e habilidades para a era dixital realizou o Centro Común de Investigación da Comisión Europea - Joint Research Centre (JRC), e cuxo obxectivo principal era contribuír á mellor comprensión e desenvolvemento da competencia dixital en Europa. En 2017 publícase unha versión actualizada: “Digcomp 2.1. The Digital Competence Framework for Citizens”. En maio de 2018 foi publicada a guía “DigComp en acción” (DigComp into Action: Get inspired, make it happen. A user guide to the European Digital Competence Framework)

No ámbito galego, en 2011 a Xunta de Galicia publica o *Decreto 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática*, dirixido ao empregado público e cidadanía en xeral.

A evolución dos usos dixitais da sociedade galega así como os requisitos dunha administración que cada vez integra máis procesos dixitais tanto na relación coa cidadanía, como con outras administracións, e mesmo no seu funcionamento interno fixeron necesaria a revisión da certificación de competencias dixitais en ofimática, para adecuala ao novo contexto dixital, e aliñalo cos criterios establecidos na Comisión Europea.

Así en 2019 a **Lei 4/2019, de 17 de xullo, de administración dixital de Galicia**, promove a creación do Marco Galego de competencias dixitais, para dar resposta a necesidade de acadar unha cidadanía dixitalmente responsable nun contexto na que a relación coa administración, a vida cotiá e o emprego requiren continuado do uso de tecnoloxías da sociedade da información.

Así no seu artigo 106, establece:

“Artigo 106. Marco galego de competencias dixitais

1. A Xunta de Galicia favorecerá un contexto dixital, no que a cidadanía poida acadar, actualizar e mellorar as súas competencias dixitais, en liña cos cambios e os usos tecnolóxicos que se integren na sociedade.

*2. Para estes efectos, **enténdese por competencia dixital a habilidade no uso seguro e responsable das tecnoloxías da información e a comunicación para o traballo, o lecer e a comunicación, sustentándose nas competencias básicas en materia de tecnoloxías da información e a comunicación.*** Nestas competencias básicas inclúese o uso de ordenadores para obter, avaliar, almacenar, producir, presentar e intercambiar información, comunicarse e participar en redes de colaboración a través da internet.

*3. **A Xunta de Galicia promoverá a definición dun Marco galego de competencias dixitais, dirixido ao conxunto da cidadanía,*** no que se determinen os coñecementos, as capacidades e as aptitudes mínimas para contribuír ao desenvolvemento dunha sociedade usuaria dos servizos dixitais avanzados, á mellora profesional e ao benestar colectivo.

*4. **Dentro deste Marco galego de competencias dixitais incluírase a identificación das competencias dixitais mínimas do persoal empregado público*** que posibiliten o correcto desenvolvemento do seu posto de traballo nos supostos e cos requisitos que se determinen regulamentariamente, segundo o previsto no seguinte capítulo deste título.

*5. **A definición do Marco galego de competencias dixitais estará aliñada coas estratexias da Comisión Europea nesta materia.**”*

Compre abordar o deseño detallado **do marco galego de competencias dixitais.** Igualmente é necesario regular a **certificación galega de competencias dixitais**, para posteriormente abordar o achegamento tanto ao persoal emprego público como á cidadanía en xeral.

B) A SITUACIÓN ACTUAL DO RECOÑECEMENTO DE COMPETENCIAS DIXITAIS EN GALICIA

Actualmente está en vigor a **certificación galega de competencias dixitais en ofimática**, esta certificación resultou do desenvolvemento da liña de transformación L3: Cidadanía Dixital, da **Axenda Dixital de Galicia 2014.gal**, que tiña como razón de ser avanzar cara unha sociedade galega competente tecnolóxicamente para acceder de xeito igualitario aos contidos e servizos dixitais. E en concreto plantexaba xa a necesidade de acadar a competencia dixital no persoal empregado público e no cidadán.

Así para dar cumprimento desta obxectivo publícase o **DECRETO 218/2011, do 17 de novembro, polo que se regula a certificación galega de competencias dixitais en ofimática. (CODIX)**.

- Este certificado acredita posuír a combinación de coñecementos, capacidades e aptitudes no ámbito das tecnoloxías da información e as comunicacións que as persoas precisan para desenvolverse con eficacia e eficiencia no manexo de aplicacións ofimáticas na xestión da información e a documentación. **O contido formativo** que dá acceso ao certificado está descrito no módulo formativo MF0233_2 «Ofimática» (190 horas), asociado á unidade de competencia UC0233_2 «Manexar aplicacións ofimáticas na xestión da información e da documentación», do Catálogo nacional de cualificacións profesionais.
- **Accedese á obtención do certificado mediante dúas canles:**
 - Superación dunha proba de avaliación
 - Convalidación a partir dos certificados e títulos que se recollen no decreto.
- A **unidade encargada da xestión** do proceso de acceso á acreditación, emisión do certificado e xestión do rexistro é a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.
- O **acceso ás probas é obtención de certificados**, realízase de forma conxunta con ámbitos de formación ou de fomento da capacitación dixital. En concreto:
 - No caso do persoal empregado público, coordínase coa **Escola Galega de Administración Pública**:
 - Modalidade de teleformación tutorizada, publicada no Plan Formativo Ofimático, e as probas presenciais finais de cada módulo.
 - Modalidade de autoformación, con proba presencial.
 - No caso da cidadanía, coordínase a través da **Rede Centros para a Modernización e Innovación Tecnolóxica de Galicia**:

- Convocatoria anual de prazas para cursos de teleformación, con proba presencial final.
- Convocatoria de prazas para exame libre.

C) DIGCOMP: MARCO EUROPEO DE COMPETENCIAS DIXITAIS.

O desenvolvemento dixital da administración pública galega, de maneira similar a outros ámbitos da sociedade, require promover na cidadanía as capacidades de aproveitamento das posibilidades que a tecnoloxía facilita, pero **non unicamente no uso de determinadas aplicacións de uso cotián ou necesarias para a relación coa administración**, senón tamén no **desenvolvemento de hábitos de comportamento no ámbito dixital que garantan o uso adecuado e seguro das tecnoloxías, que son, ademais, cambiantes.**

Segundo o indicado no apartado anterior, o desenvolvemento marco galego de competencias dixitais aliñarase co marco europeo: "DIGCOMP: A Framework for Developing and Understanding Digital Competence in Europe", e especificamente na versión actualizada en 2017 "**Digcomp 2.1. The Digital Competence Framework for Citizens**".

O marco europeo DigComp foi deseñado para ser un **marco de referencia flexible e adaptable** e que pode ser utilizado por calquera organización pública ou privada. Isto significa que **o marco é descritivo pero non é un marco prescritivo.**

É un marco completo porque abrangue ate 21 competencias minuciosamente definidas, mais aínda permite o seu axuste, tanto dos contidos para cada competencia, como do seu nivel de dominio ou aptitude. Non se limita ao coñecemento de determinadas aplicacións ofimáticas.

A súa estrutura ordea as competencias dixitais mediante unha organización en 5 dimensións.

- Dimensión 1 : As áreas de dominio.
- Dimensión 2: Competencias pertinentes en cada área,
- Dimensión 3: Nivel de aptitude previstas para cada competencia.
- Dimensión 4: Descriptor ou identificación dos coñecementos, habilidades e aptitudes relacionadas con cada competencia.
- Dimensión 5: Exemplos de aplicación para cada un dos descriptors da dimensión 4.

Pode considerarse un marco completo, porque estrutura os coñecementos, habilidades e aptitudes en: **5 áreas de dominio, 21 competencias necesarias** para o seu desenvolvemento. Están minuciosamente definidas, mais aínda permite o seu axuste, tanto

dos contidos para cada competencia, como do seu nivel de dominio ou aptitude. Son as seguintes:

Áreas de dominio	Competencias de desenvolvemento
Área 1. Información e datos: navegar, buscar, filtrar, avaliar e xestionar os datos, a información ou o contido dixital.	1.1. Navegar, procurar, localizar e filtrar información, datos e contidos dixital.
	1.2. Avaliar e verificar a información, os datos e o contido dixital
	1.3. Manexar a información, os datos e os contidos dixital.
Área 2. Comunicación e colaboración: Interactuar, compartir, participar e colaborar a través das tecnoloxías dixital. Coñecer as regras de comportamento na rede e xestionar a identidade dixital.	2.1. Interactuar a través de tecnoloxías dixital
	2.2. Compartir a través de tecnoloxías dixital
	2.3. Comprometerse coa cidadanía a través das tecnoloxías dixital.
	2.4. Colaborar por medio das tecnoloxías dixital
	2.5. Comportarse na rede: Netiqueta
	2.6. Xestionar a identidade dixital
Área 3. Creación de contido dixital: facer, refacer ou compor contidos dixital. Entender como se aplican os dereitos de autor e as licenzas de uso. Inclúe a programación como xeito de expresarmos nunha contorna dixital.	3.1. Facer novo contido dixital
	3.2. Refacer e compor contidos dixital
	3.3. Dereitos de autor e licenzas
	3.4. Programar
Área 4. Seguridade e privacidade: protexer os dispositivos e os datos persoais, resgardar o privado, e preservar a saúde o benestar e o medio ambiente.	4.1. Protexer os dispositivos
	4.2. Protexer os datos persoais e a privacidade
	4.3. Protexer a saúde e o benestar
	4.4. Protexer o medio ambiente
	5.1. Resolver problemas técnicos

Áreas de dominio	Competencias de desenvolvemento
Área 5. Solución dos problemas e contorna dixital: resolver problemas técnicos, identificar as necesidades de resposta tecnolóxicas, usar as tecnoloxía de xeito innovador e creativo e identificar as nosas carencias nos coñecementos dixitais.	5.2. Identificar necesidades e respostas tecnolóxicas
	5.3. Usar as tecnoloxías de xeito creativo
	5.4. Identificar fallas nos coñecementos dixitais

En canto á **dimensión 3**, que identifica o nivel de aptitude para cada competencia, o marco establece **oito niveis de aptitude demostrable** para por en práctica cada unha das competencias: Básico (nivel 1-2), Intermedio (nivel 3-4), Avanzado (nivel 5-6), Especializado (nivel 7-8).

En canto as **dimensións 4** (descriptorios) e **5** (exemplos de aplicación), deben ser concretadas no ámbito de aplicación específica. O desenvolvemento destas dimensións permitirá concretar en cada competencia os exemplos ou evidencias que van guiar a hora de compor e catalogar o coñecemento, habilidades e actitudes necesarias para acadar e demostrar un nivel de competencia.

C) DEFINICIÓN DAS BASES DO MARCO GALEGO DE COMPETENCIAS DIXITAIS: A ADAPTACIÓN AO CONTEXTO GALEGO.

O marco europeo DigComp especificouse para un entorno e realidade común para todos os estados da Unión Europea. Con todo, foron consideradas as variacións que se puideran presentar a hora de implementar en cada un dos territorios ou propósitos, definíndose os pasos para facer unha adecuación correcta: Adaptación e especificación, avaliación da realidade, facilitadores necesarios, especificación das políticas a desenvolver... Como xa se dixo anteriormente, o marco europeo DigComp foi deseñado para ser un **marco de referencia flexible e adaptable** e que pode ser utilizado por calquera organización pública ou privada. Isto significa que **o marco é descritivo pero non é un marco prescritivo**.

O deseño de detalle do marco galego de competencia dixitais, terá como referencia o marco europeo sobre o que se deberán abordar o análise detallado e concreción da súa aplicación á realidade do noso contexto. Así, identifícanse os seguintes aspectos que deberán revisarse:

- **Adecuación lingüística:** Desenvolvemento do marco en lingua galega, non dispoñible ata agora.
- **Adecuación normativa:** especificidade para os eidos cidadán e sector público.

- A cidadanía, considerando os eidos de uso da vida cotiá: comunicarse, informarse, colaborar, interactuar, relacións persoais e de amizade, etc. sen baixar ao contexto e propósito concreto: vida formativa, orientación para o emprego, vida laboral...
- O persoal ao servizo da administración pública, cunha dobre visión de desenvolvemento das súas competencias persoais e das mínimas que garantan unha total eficiencia no desempeño do seu traballo na administración pública.
- **Adecuación operativa:** tendo en conta a aplicabilidade efectiva das competencias e capacidade de recoñemento.
- **Adecuación dos contidos específicos,** tendo en consideración as necesidades específicas tanto do persoal empregado público como da cidadanía galega en xeral, por ser ambos os eidos identificados de implantación na posta en marcha deste marco galego de competencias dixitais.
- Así como aqueles outros aspectos, que durante o análise detallado poidan identificarse como necesarios para unha maior aplicabilidade do marco galego nas orientacións inicialmente previstas.

O resultado deste análise e adecuación deberá dar lugar a:

- O **documento inicial de referencia das “Bases para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais”**, no que como quedará recollida a estrutura e contidos de cada unha das dimensións nas que se concrete o marco.
- A **identificación dos criterios de actualización e evolución do devandito documento**, para garantir a súa vixencia. A continua evolución das tecnoloxías da información e comunicación, e a continúa evolución do seu impacto na vida cotiá e no desenvolvemento profesional, esixe unha revisión continuada do marco de competencias dixitais, en especial no relativo aos exemplos prácticos de aplicación.

D) REGULACIÓN DA CERTIFICACIÓN GALEGA DE COMPETENCIAS DIXITAIS

A certificación é a ferramenta adecuada para a medida obxectiva do nivel de competencias dixitais. Proporciona unha proba dos coñecementos e das habilidades, a acreditando que se obtiveron os resultados nunha avaliación producida seguindo métodos apropiados, en condicións controladas, por organizacións autorizadas, e que coinciden cunha norma claramente definida e recoñecida.

De xeito paralelo a concreción das **“Bases para o desenvolvemento do marco galego de competencias dixitais”**, que establecerá a estrutura e contidos do mesmo, abordarase a redacción e tramitación do *Anteproxecto de decreto polo que se regula o certificación*

galega de competencias dixitais, que formalizará esta marco galego e concretará os aspectos operativos da xestión do mesmo, e como mínimo comprenderá:

- **Criterios de certificación** (por niveis ou niveis / dominio). Estrutura e criterios de actualización. **O contido do certificado**, en canto aos contidos certificados.
- **Formas de obtención e progreso:** obtención por formación acreditada e exame, por convalidación de cursos e coñecementos, canles de autoavaliación.

3

- Procedemento de **formalización** do certificado e das súas actualizacións.
- Criterios de **vixencia**.
- Declaración do rexistro galego de certificacións en competencias dixitais.

A aprobación da certificación galega de competencias dixitais substituiría a *regulada polo Decreto 218/2011*, do 17 de novembro, polo que se regula a *certificación galega de competencias dixitais en ofimática*, o coñecido como CODIX. E establecerá o plan de transición dunha certificación a outra.

Iniciase este proceso coa tramitación da consulta pública previa no portal de transparencia da Xunta de Galicia.